

MANIFESTO INSPIRA



Abrindo espazos a nenas e mulleres en ciencia e tecnoloxía

Vivimos nun mundo global e diverso onde a igualdade non está conseguida en moitos aspectos. Un que nos preocupa e ocupa é a fenda de xénero e a tecnoloxía.

Son feitos demostrados que menos mulleres elixen unha profesión tecnolóxica, menos mulleres traballan no mundo científico/técnico, as mulleres chegan a postos de menor importancia e perciben salarios inferiores en postos de igual relevancia.

Estes feitos non se deben a un menor gusto, a unha menor capacitación, a unha inferior vocación, ou a un inferior desempeño. Son os factores sociais, culturais e educativos os que empoderan, recoñecen e incentivan menos ás mulleres que aos homes. Son os estereotipos, procesos de socialización, roles de xénero, machismos ocultos cos que construímos a educación e a sociedade os que fan crer que as mulleres son menos capaces e os que provocan que as mulleres sexan menos valoradas, social e economicamente.

Esta realidade pódese cambiar, e facelo é relevante. Xogámonos moito. E concírnenos á sociedade no seu conxunto e a cada unha das persoas e entidades que a formamos.

Este manifesto constitúe un **compromiso**, das persoas e organizacións que se adhíren a el, **de traballar activamente pola igualdade entre mulleres e homes no ámbito científico-tecnolóxico**, a través das seguintes liñas de acción:

- 1.** Reflexionar e **revisar a falsa crenza de que xa hai igualdade**. Coñecer os datos que demostran que esta igualdade aínda non existe e hai moito traballo que facer por conseguila.
- 2.** **Recoñecer** publicamente **que mulleres e homes temos as mesmas capacidades, dereitos e responsabilidades**, e merecemos por tanto o mesmo recoñecemento.
- 3.** Dar a coñecer as consecuencias da falta de igualdade existente, e traballar para **concienciar á sociedade da necesidade de accións positivas** para evitalas, promovendo un sistema científico-tecnolóxico responsable e diverso.
- 4.** **Facer visibles ás mulleres científicas e tecnólogas** históricas e actuais, pondo en valor o seu traballo e construíndo novos referentes.
- 5.** **Favorecer un contexto** social e educativo **no que as nenas e mozas se vexan animadas, capaces e recoñecidas** para que poidan elixir o seu futuro sen condicionamentos.
- 6.** **Reverter os estereotipos** sociais, desmitificando as crenzas sobre os roles de xénero; facilitando información sobre as carreiras científicas e tecnolóxicas; e dando a coñecer o amplo abano de posibilidades profesionais das STEAM (Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñaría, Arte e Matemáticas).
- 7.** **Contribuír ao empoderamento das mulleres**, desenvolvendo accións en todas as dimensións para conseguilo.

Traballar co prisma de xénero encamiñanos a revisar a igualdade no seu conxunto. Esta actuación é só unha de todas as que teñen que se poñer en marcha. Somos sensibles a outras actuacións, e desde este punto de partida **queremos seguir avanzando e profundando na igualdade a todos os niveis**.

<http://inspirasteam.net/manifiesto/>

#inspirasteam